

SOMOS ESTATUAS

Mentres soa a música movémonos polo espazo libremente.

Cando a música se para permanecemos quedos como unha estatua (en diferentes posicións libres).



CONVERTÍMONOS EN ...

Todos sentados no chan un pouco separados uns dos outros - Un que dirixe o xogo di "cando soe a música convertímonos en ..." (e di o nome dun animal) - E terán que moverse simulando ser o animal indicado ao ritmo da música - Cando a música cesa deben quedarse sentados no chan esperando a que se diga outro animal.



FOLLAS DE XORNAL

**Convertir as follas de xornal en diferentes obxectos.*

Suxerencias: toalla, manta, almofada, xaia, sombreiro, bandeira, capa de superheroe...

**Dobrar varias veces e logo estirar.*

**Arrugar a folla e envolvera ata facer unha pelota.*

Xogar libremente con ela.

**Romper en pequenos cachos coas mans.*

**Romper en pequenos cachos utilizando só os pés.*

**Desprazarse coma se fose un patinete (un pé en media folla e o outro no chan) sen que se rompa (3 anos).*

**Desprazarse coma se fosen uns esquís (a folla de xornal en dous cachos e un pé en cada un) sen que se rompan (4 anos).*

**Desprazarse cos dous pés enriba dunha folla completa sen que se rompa (5 anos).*



ATRAPO O MEU ZAPATO



Cada un quítase un zapato e colócanse todos a certa distancia. A unha sinal van correndo a coller o seu zapato, o calzan e voltan ao lugar inicial. Non se pode regresar ata que o zapato non estea ben calzado.

Logo faise cos dous zapatos.

Tamén se pode facer con prendas de roupa (sobre todo os de 5 anos)

MASAXES

En parellas pódense dar masaxes un ao outro.

Un está tumbado e o outro vai frotando coas dúas mans cada parte corporal. Ou tamén se pode facer rodando unha pelota pequena como as de tenis. Logo cambian o papel.

TRANSPORTE DE OBXECTOS

Trátase de levar obxectos pequenos ata un lugar marcado.

Pódese facer de diferentes formas:

*cunha culler agarrada só cunha man (e sen apoiála no corpo),

*nunha bandexa como si fósemos camareiros (agarrada coas dúas mans e sen apoiála no corpo).



BOLOS

Pódese xogar aos bolos con botellas un pouco cheas dalgún líquido (a cantidade suficiente para que non sexan moi difíciles de tirar).

CAPITÁN DE BARCO

Cada un é capitán dun barco. Os barcos (que poden ser unhas toallas, teas...) estarán colocados no chan e cada capitán diante do seu barco.

Os mariñeiros serán diferentes monecos que se porán a bastante distancia dos barcos.

A unha sinal saen os capitáns en busca de mariñeiros. De cada vez só poden coller un e o levan a seu barco para logo regresar a buscar outro mariñeiro.

Despois faise o relato e gaña o capitán que conseguiu máis mariñeiros.



TIRO DE FEIRA

Trátase de colocar diferentes obxectos uns ao lado dos outros a uns 20cm (distancia orientativa) nun banco ou unha mesa baixa e intentar derribar os obxectos lanzando unha pelota pequena dende certa distancia.


Cada un poderá facer varios tiros en cada ronda e a distancia pódese ir aumentando para facelo máis difícil.



SIMÓN DI...

Un fai de Simón e di a acción que teñen que facer os demais. Por exemplo:

*Simón di: "todos a saltar nun pé" "a xirar" "a aplaudir"... Cada vez fai un de Simón.



COPIAR FIGURAS

Con palletas ou bastonciños teñen que facer a figura que se lle mostra debuxada (figuras feitas con liñas rectas, por exemplo unha casa, un barco... ou figuras geométricas). Cada vez poden ser máis complicadas.

MIKADO

Este xogo pódese facer con palletas ou con lápices de cores.


Consiste en coller un montón de palletas ou lápices coas dos mans e soltalas para que caian no chan (ou nunha mesa). Despois gardando unha orden cada un ten que coller unha palleta sen que se movan as demais (hai que buscar a máis axeitada de cada vez). Si a algún se lle move outra palleta na seguinte ronda perde o turno.



XOGOS CON PALLETAS

*Transportar papeliños pequenos (cadrados duns 4 ou 5 cm. de lado - orientativo) aspirándoos cunha palleta.

*Soprar sobre boliñas feitas con papel ou de algodón para levalas a unha meta establecida.



*Transportar auga dun vaso a outro aspirando cunha palleta.

*Outras ideas:



ATAR CORDÓNS (5 anos)

En psicomotricidade xa aprendemos a facer y desfacer nudos, o seguinte paso é aprender a atar cordóns. Poden ir practicando na casa.